

FICHA DE INFORMANTE



Nome: Florencio López Fernández, «o Cego dos Vilares»

Data de nacemento: 1914-04-12

Lugar de nacemento: Pin, Bruicedo – A Fonsagrada



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Biografía: Florencio López Fernández, «o Cego dos Vilares», que outros chaman «da Fontaneira» porque alí residiu nos últimos anos, naceu cego no lugar de Pin (Bruicedo – A Fonsagrada) o 12 de abril de 1914. Era o quinto dos oito fillos que tiveron José López Rodríguez, de Piñeira, e Carme Fernández Fernández, de Bruicedo (segundo outros, eran de Paradavella e Vilarongo, respectivamente). A familia era de orixe moi humilde, dedicada ó agro e á ebanistería, e Florencio pasou a súa infancia sen ir á escola –daquela poucos podían ir–. Ó pouco de nacer quedou eivado. Aínda sendo un neno, con catorce anos, trasládase a Os Vilares (Cubilledo – Baleira) e pouco despois aprende a tocar no violín coa axuda, man dura e as estritas leccións de Xosé Santamaría, tamén músico e cego, de Riotorto. Este non só lle ensina a técnica do instrumento, senón tamén os coñecementos musicais que precisaría para a posterior aprendizaxe e desenvolvemento do seu fino oído, potenciado pola desgraciada cegueira. É el, o seu mestre, quen lle ensina unha boa parte do seu repertorio. Percorreu vilas e aldeas de Galicia e algunhas fronteirizas con Asturias, acompañado moitas veces polo seu irmán Pascasio que acompañaba co bombo e vendía as coplas, historias ou «pregos de cordel» ó mesmo tempo que o guiaba e que lle comentaba as cousas que pasaban ó seu redor. Así ofrecíalle a Florencio a oportunidade de improvisar algún pé ou estrofa que fixese referencia a algún dos presentes ou a algunha anécdota acontecida no lugar. Xuntos percorreron as máis sonadas festas e romarías ou calquera tipo de encontros en que eran ben recibidos. Aparecen pezas súas pola provincia de Lugo, sobre todo na súa contorna: Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Navia, Cervantes, Becerreá etc., e en terras de Meira e a Pontenova, Sarria e Samos, na Coruña (en Melide, Arzúa, Terras de Ordes e Curtis, chegando perto de Santiago), en Pontevedra (pola Ulla e Lalín) e indo cara a Ourense –entrando por Terras de Chantada. Segundo comunicacións doutros informantes, que son difíciles de comprobar, chegou a moitos outros lugares; ata onde houbera atención e ganas de divertimento. Florencio deixou unha herdanza fresca da súa música, das súas cancións que tantas festas animaron en cidades e en vilas e aldeas do rural galego, coa palabra por bandeira, que todo hai que dicilo, era a base na que se asentaba e así chegou a nós coa forza suficiente para lle dar continuidade e garantía a toda esa música tradicional que el e moitos coma el espallaron. Cantou e tocou en galego e tivo que pedir polas portas e durmir moitas veces onde podía. Morreu solteiro o 28 de abril de 1986, ós setenta e dous anos, un dos últimos grandes cantores cegos do País.

(Texto extraído de Iglesias Dobbarrio, Baldomero e Rivas Cruz, Xosé Luís: *Cantos, coplas e romances de cego (I)*. Lugo: Ophiusa, 1999.)